

## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

*RESOLUCIÓN do 15 de maio de 2023 pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia, de clave GA/19/001.09.5 e as zonas de servidume acústica dos grandes eixos viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia, de clave GA/19/001.09.4.*

Antecedentes de feito:

Primeiro. Mediante resolucións da Axencia Galega de Infraestruturas do 20 de outubro de 2022 aprobáronse provisionalmente o Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia, de clave GA/19/001.09.5, e as zonas de servidume acústica dos grandes eixos viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia, de clave GA/19/001.09.4.

Segundo. Con data do 9 de novembro de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (núm. 213) o anuncio do 26 de outubro de 2022 polo que se sometía ao trámite de información pública o Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia (GA/19/001.09.5) e as zonas de servidume acústica dos grandes eixos viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia (GA/19/001.09.4).

Terceiro. Durante o trámite de información pública, conforme os certificados emitidos polos organismos oficiais competentes, un total de 6 concellos (A Coruña, A Pobra do Caramiñal, Arteixo, Cambre, Narón e Salvaterra do Miño) e unha empresa pública (Aquao-leiros, S.A.) presentaron alegacións. Ademais, recibiu-se o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre as zonas de servidume acústica dos grandes eixos viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia, no que indican que, analizada a documentación, non se formulán obxeccións ao documento.

Cuarto. Durante o trámite de información pública detectouse que faltaba incorporar no Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia as determinacións que, en materia de paisaxe, establece a Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratégico do Plan de acción contra la contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia.



**Fundamentos de dereito:**

O artigo 22 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, establece a obrigatoriedade de elaborar e aprobar, logo de trámite de información pública por un período mínimo dun mes, plans de acción en materia de contaminación acústica correspondente aos ámbitos territoriais dos mapas de ruído dos grandes eixes viarios, aqueles cun tráfico superior a 3 millóns de vehículos por ano.

O Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia cumpre os requisitos que exixe a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, o Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, e o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

O artigo 10 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, establece que os sectores do territorio afectados ao funcionamento ou desenvolvemento das infraestruturas de transporte viario, así como os sectores do territorio situados no contorno de tales infraestruturas, existentes ou proxectadas, poderán quedar gravados por servidumes acústicas.

As zonas de servidume acústica dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia delimitadas cumpren os requisitos que exixe a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, o Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas e o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

O Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia e as Zonas de servidume acústica dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia sometérónse ao trámite de información pública, durante un período dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo con todo o exposto e tralos certificados, alegacións e informes presentados,

**RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública correspondente ao Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia, de clave GA/19/001.09.5, e ás zonas de servidume acústica dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia, de clave GA/19/001.09.4.



Segundo. Aprobar definitivamente o Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia, de clave GA/19/001.09.5, coas seguintes modificacións:

1. Inclusión como medida correctora do ruído, na zona de actuación prioritaria AC-211\_1\_01, do estreitamento de carrís.
2. Substitución, nas zonas de actuación prioritaria AC-552\_1\_049 e AC-552\_1\_054, da medida de «tratamiento de calma de tráfico (liñas viarias brancas centrais)», pola de «tratamento de calma de tráfico (creación de mediana/liñas viarias brancas centrais, estreitamento de carrís, remodelación de aparcadoiros, vías de servizo, etc.).
3. Inclusión, como outras medidas, nas zonas de actuación prioritaria AC-552\_1\_049 e AC-552\_1\_047, o estudar, como alternativa viaria á AC-552 polo norte, entre o seu p.q. 8+080 (glorieta de Sabón) e o seu p.q. 11+080, o itinerario viario formado pola avenida da Deputación, a avenida de Figueroa e un treito de nova execución entre a DP-0514 e o p.q. 11+080 da AC-552.
4. Incorporación das determinacións que, en materia de paisaxe, establece a Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratégico do Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia.

Terceiro. Aprobar definitivamente as zonas de servidume acústica dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia, de clave GA/19/001.09.4, correspondentes ás Unidades de Mapa Estratégico (UME) que se relacionan a seguir:

#### Provincia da Coruña

UME	Treito	p.q. inic.	p.q. fin	Lonx. (km)	Concellos
AG-11	Padrón (N-550) - Ribeira (AC-550)	0	40,06	40,06	Padrón, Dodro, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira
AG-55	A Coruña - Enl. Carballo Sur (AC-552)	2,83	35,36	32,53	A Coruña, Arteixo, A Laracha, Carballo
AG-56	A Rocha (SC-20) - Brión (AC-543)	0	12,58	12,58	Santiago de Compostela, Ames, Brión
AG-59	Santiago de Compostela (AP-53) - Enl. CP-8201	0	4,39	4,39	Teo
AG-64	Enl. P.I. Río do Pozo - Enl. Ortigueira (AC-862)	2,69	12,45	9,76	Narón, San Sadurniño
CG-1.5	Brión (AG-56) - Enl. San Paio (AC-543)	12,58	27,15	14,57	Brión, Rois, Lousame, Noia
VG-1.2	Vilar do Colo (Polig. Industrial) - Enl. S. Xoán Piñeiro (AC-122)	0	2,18	2,18	Fene, Mugardos



UME	Treito	p.q. inic.	p.q. fin	Lonx. (km)	Concellos
AC-115	Enl. AP-9 - Xubia (AC-862)	2,38	4,71	2,33	Neda
AC-133	Fene (N-651) - Maniños (Estr. Dip)	0	3,82	3,82	Fene
AC-164	Guísamo (N-VI) - Ínsua (N-651)	0	7,24	7,24	Bergondo, Paderne
AC-174	Perillo - Oleiros (Deput.)	0,29	4,34	4,05	Oleiros
AC-183	Sada (Ponte río Vao) - Serra (DP-5813)	0,72	1,17	0,45	Sada
AC-211_1	San Pedro de Nós (AC-12) - O Temple (Lím. Concello)	0	0,68	0,68	Cambre, Culleredo
AC-305_1	Enl. Boiro Este (AG-11) - Boiro (desvío Enl. Boiro Norte AG-11)	22,24	23,73	1,49	Boiro
AC-305_2	As Saíñas- Ribeira	38,06	39,71	1,65	Ribeira
AC-418	Carballo (AG-55) - Buño Sur (AC-414)	0	6,95	6,95	Carballo, Malpica de Bergantiños
AC-523	Culleredo (A-6) - O Corgo (AC-400)	0	8,4	8,4	Culleredo, A Laracha
AC-543	Vidán (Rotonda de Brandía) - Bertamiráns (AG-56)	0,5	6,25	5,75	Santiago de Compostela, Ames
AC-544	Bertamiráns norte (AG-56) - Negreira (AC-447)	1,13	8,04	6,91	Ames, Brión, Negreira
AC-550_1	Ribadumar (AC-554) - Noia (rúa de Pedro Sartaña)	68,05	72,44	4,39	Outes, Noia
AC-550_2	Taramancos (AC-549) - Porto do Son	76,17	86,98	10,81	Noia, Porto do Son
AC-550_3	Oleiros (AC-302) - Ribeira (AG-11)	103,63	106,57	2,94	Ribeira
AC-551	Saída 7 (AG-55) - Sabón (AC-552)	0	1,26	1,26	Arteixo
AC-552_1	A Coruña (A Grela) - Carballo	0	31	31	A Coruña, Arteixo, A Laracha, Carballo
AC-552_2	Carballo - Coristanco (CP-1912)	31,9	36,51	4,61	Carballo, Coristanco
AC-552_3	Dumbría (AC-199) - Cee (AC-550)	80,67	91,11	10,44	Dumbría, Cee
AC-566	Valdoviño (AC-116) - Inicio travesía Valdoviño	10,72	12,02	1,3	Valdoviño
AC-840	Enl. A-6 - Oza dos Ríos	2,45	8,07	5,62	Oza-Cesuras
AC-841_1	Santiago de Compostela (SC-11) - Cacheiras (CP-8202)	0	4,59	4,59	Santiago de Compostela, Teo
AC-841_2	Pontevedra (AG-59) - Lím. Prov.	8,41	11,71	3,3	Teo
AC-861	As Pontes (central térmica Oeste) - As Pontes de García Rodríguez (AC-564)	27,51	29,05	1,54	As Pontes de García Rodríguez
AC-862	Ferrol (Lím. Concello) - Xubia (AC-115)	1,58	7,33	5,75	Ferrol, Narón, Neda

### Provincia de Lugo

UME	Treito	p.q. inic.	p.q. fin.	Lonx. (km)	Concellos
LU-021	A Campiña (N-640) - DP-2927	0	1,45	1,45	Lugo
LU-530	Lugo - Enl. A-6	0,85	3,37	2,52	Lugo
LU-539	Viveiro (LU-862) - Viveiro (LU-540)	0	0,99	0,99	Viveiro
LU-662	Monforte de Lemos (LU-546) - Monforte de Lemos (LU-933)	0	1,21	1,21	Monforte de Lemos
LU-664	Monforte de Lemos (LU-546) - Monforte de Lemos (LU-617)	0	1,54	1,54	Monforte de Lemos
LU-862	Cobas (LU-P-6603) - Porto de Celeiro	82,98	86,92	3,94	Viveiro



UME	Treito	p.q. inic.	p.q. fin.	Lonx. (km)	Concellos
LU-933	Monforte de Lemos (LU-664) - Monforte de Lemos (rúa do Cardeal Rodrigo)	0	1,04	1,04	Monforte de Lemos

### Provincia de Ourense

UME	Treito	p.q. inic.	p.q. fin.	Lonx. (km)	Concellos
AG-53	Enl. AG-54 - Enl. Barbantes (A-52)	78,74	87,24	8,5	Maside, Amoeiro, Punxín, Ourense, Toén
OU-100	Ourense (avda da Zamora) - Estación de San Francisco	0	0,52	0,52	Ourense
OU-525	Noalla (OU-538) - Saída 224 (A-52)	228,95	233,08	4,13	San Cibrao das Viñas, Ourense
OU-536	Ourense - OU-537	1	6,02	5,02	Ourense, O Pereiro de Aguiar
OU-538	Noalla (N-525) - Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas	0	1,07	1,07	San Cibrao das Viñas
OU-540	Ourense - Enl. Carrefour	0	1,83	1,83	Ourense, Barbadás

### Provincia de Pontevedra

UME	Treito	p.q. inic.	p.q. fin.	Lonx. (km)	Concellos
AG-41	Curro (AP-9) - Sanxenxo (VG-4.1)	0,4	19,18	18,78	Barro, Meis, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo
AG-46	Rande (AP-9) - Cangas (VG-4.5)	0	11	11	Moaña
AG-57	Enl. de Nigrán - Enlace 2º cinto Vigo (VG-20)	10,24	22	11,76	Nigrán, Gondomar, Vigo
CG-4.1	Enlace de Cangas (AG-46) - Alto da Portela (PO-551)	11	15	4	Moaña, Cangas
VG-4.1	Sanxenxo (AG-41) - A Lanzada (PO-308)	19,19	26,03	6,84	Sanxenxo
VG-4.2	Saída 7 (AG-41) - Cambados (PO-300)	0	4,44	4,44	Ribadumia, Cambados
VG-4.3	Cambados (PO-300) - Vilagarcía de Arousa (N-640)	0	8,2	8,2	Cambados, Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa
VG-4.4	Lourizán (PO-12) - Enl. PO-313	0	8,96	8,96	Pontevedra, Marín
PO-225	Alba (N-550) - San Caetano (PO-531)	0	1,08	1,08	Pontevedra
PO-300	Pol. Ind. (EP-9501) - Cambados (VG-4.3)	10,04	11,71	1,67	Cambados
PO-307	Deiro (PO-549) - A Illa de Arousa (PO-299)	0	4,58	4,58	Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa
PO-308	Pontevedra (PO-531) - Sanxenxo (PO-504)	0	17,35	17,35	Poio, Sanxenxo
PO-316	A Lanzada (PO-550) - O Grove	0	5,87	5,87	Sanxenxo, O Grove
PO-324	Ponte Lagares - PK2,38	0	2,38	2,38	Vigo
PO-325	Vigo - A Ramallosa (PO-552)	0,15	15,79	15,64	Vigo, Nigrán
PO-331	PO-330 - PO-332	12,08	15,73	3,65	Gondomar
PO-340_1	Tui (N-550) - Enl. A-55	0	0,44	0,44	Tui
PO-340_2	Gondomar (PO-331) - A Ramallosa (PO-552)	16,8	21,51	4,71	Gondomar, Nigrán, Baiona



UME	Treito	p.q. inic.	p.q. fin.	Lonx. (km)	Concellos
PO-403	A-52 - Ponteareas (N-120)	8,53	11,28	2,75	Ponteareas
PO-504	Sanxenxo (PO-308) - AG-41	0	0,81	0,81	Sanxenxo
PO-510_1	Atios (N-550) - Salceda (PO-411)	0	6,99	6,99	O Porriño, Salceda de Caselas
PO-510_2	Enl. PO-404 - Enl. PO-403	11,57	13,46	1,89	Salvaterra de Miño
PO-511	Sanguíñeda (N-120) - Torneiros (PO-331)	0	0,52	0,52	Mos, O Porriño
PO-530	Enl. Illa de Arousa (VG-4.3) - Deiro (PO-549)	1,1	2,54	1,44	Vilanova de Arousa
PO-531	Pontevedra - Baión (N-640)	0	18,8	18,8	Pontevedra, Poio, Barro, Meis, Portas, Vilanova de Arousa, Caldas de Reis
PO-542	Marcón (PO-532) - O Pino (N-550)	3,21	6,87	3,66	Pontevedra
PO-548_1	Pontecesures (N-550) - PO-190	0	3,04	3,04	Pontecesures, Valga
PO-548_2	Catoira (Glor.) - Vilagarcía de Arousa (glorieta porto)	7,82	19,11	11,29	Catoira, Vilagarcía de Arousa
PO-549	Vilagarcía (N-640) - Caleiro (PO-302)	0,75	5,25	4,5	Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa
PO-550_1	Cambados (VG-4.3) - Cambados	0	1,21	1,21	Cambados
PO-550_2	Cambados - Vilalonga (PO-504)	1,66	10,97	9,31	Cambados, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo
PO-551_1	Ardán (VG-4.4) - Moaña	6,43	24,71	18,28	Marín, Bueu, Cangas, Moaña
PO-551_2	Moaña - Rande (N-554)	26,05	33,62	7,57	Moaña
PO-552_1	Vigo (Av. do Alcalde Portanet) - Baiona (Estrda. Dep.)	0	15,59	15,59	Vigo, Nigrán, Baiona
PO-552_2	A Guarda (PO-355) - A Guarda (CG-4.2)	46,86	48,45	1,59	A Guarda
PO-552_3	Goián (PO-553) - Forcadela Sur (PO-195)	57,79	62,09	4,3	Tomiño
PO-552_4	Forcadela Norte (PO-195) - Tui (N-551)	63,84	71,22	7,38	Tomiño, Tui
PO-841	Lím. Prov. - A Estrada	11,72	21,81	10,09	Teo, A Estrada

Cuarto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade no prazo dun mes contado desde o día siguiente ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2023

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

